



EDUCACIÓN INFANTIL
CPI PLURILINGÜE
ANTONIO ORZA COUTO



PROPOSTAS DO 4 AO 15 DE MAIO

Estimadas familias:

Unha quincena máis, facemos unha proposta de actividades seguindo as premisas que veñen caracterizando a todas as anteriores, isto é, son propostas flexibles, voluntarias e orientativas. Polo que son totalmente adaptables ás circunstancias e situación de cada familia e de cada neno ou nena.

Para esta primeira quincena do mes de maio, animámosvos a continuar facendo diariamente a actividade do calendario, pois permítelles aos nenos e nenas ser conscientes do paso do tempo.

Nesta ocasión, decidimos realizar propostas sen unha estruturación por semanas e días posto que son principalmente actividades manipulativas e de experimentación relacionadas coa horta. Así, neste documento atoparedes:

- *Cinco experimentos con alimentos.* Esta proposta vai acompañada dunha plantilla onde os nenos e nenas poden rexistrar o experimento se así o desexan ao tempo que traballan a lectoescritura.
- *Merendas divertidas e saudables.* Onde os nenos e nenas atoparán receitas sinxelas para as súas merendas. Nesta proposta, atoparedes tamén dúas actividades previas de manualidades asociadas ás receitas: a realización dun gorro e un mandil de cociñeiros e cociñeiras. Tamén vai acompañado dunha plantilla onde rexistrar as receitas que os nenos e nenas queiran.
- *A horta cos cinco sentidos.* Recolle propostas para traballar a horta co sentido do oído, o tacto e o olfacto.
- *Propostas de Educación Musical.*

Recordamos que estes son recursos que poñemos á vosa disposición e, polo tanto, non son obrigatorios polo que sentídevos libres de seleccionar aquelas actividades que máis lle interesan aos pequenos e que mellor se adaptan aos recursos, tempo e ao día a día de cada familia.

Tamén vos recordamos que a través dos correos electrónicos das titoras, podedes consultar calquera dúbida que se prantexe.

Moito ánimo e un saúdo para todos!

Experimentos con alimentos

Educación Infantil



Limoada Máxica



Pasos:

1. Prepara unha infusión coas flores violetas en auga quente ata que deixen a cor no líquido, ou utiliza a auga de cocer remolacha.
2. Coloca no bote a auga violeta coa cantidade de mel ou azucre que ti queiras.
3. Nunha xerra aparte espreme un limón.
4. Engade sobre o bote da auga coloreada o zume de limón e mestura ata que a cor violeta se vaia transformando en cor rosa.

Explicación: o ácido do limón fai que a cor violeta se aclare ata converterse en rosa.

Unha alternativa moi fácil para facer unha bebida refrescante, saudable e máxica.

MATERIAL:

Auga

Cazo

Bote de plástico ou vidro transparente


Mel ou azucre

Zume de limón

Flores comestibles violetas
ou remolacha



Tinta invisible



Pasos:

1. Espreme o zume dun limón nun cunco e engade unha cullerada de auga.
2. Mestura ben e, coa axuda dun bastontiño ou pincel, escribe a túa mensaxe no papel ou fai un debuxo.
3. Deixa secar.
4. Pon unha vela debaixo (sen poñer o papel demasiado cerca) e poderás ler a mensaxe ou descubrir o debuxo.

Explicación: o zume de limón oxídase e ponde de cor marrón cando se quenta, por iso poder ler a mensaxe. Ademais do limón, podes usar zume de laranxa, mel diluída en auga, leite e vinagre.

MATERIAL:

Pincel ou bastontiño de algodón

Papel branco

Limón

Auga



Volcán de espuma

Pasos:

1. Enche $\frac{1}{4}$ do recipiente con vinagre.
2. Engade unhas gotas de colorante.
3. Pon un chorro de xabón de lavar pratos e remove.
4. Engade unha culler de bicarbonato.
5. Coloca o bote sobre unha bandexa e espera a ver como o teu volcán caseiro entra en erupción.

Explicación: o vinagre e o bicarbonato xuntos provocan unha reacción química que ocasiona unha erupción, facendo que o xabón comece a liberar espuma e medre ata saír do recipiente.

MATERIAL:

Bote de vidro

Xabón de lavar pratos

Vinagre

Bicarbonato

Colorante alimentario

Bandexa



Ovos de dinosaurio conxelados



Pasos:

1. Mete as figuriñas dos dinosaurios pola boca dos globos.
2. Enche os globos con auga da billa e ata con forza.
3. Méteos no conxelador ata que estean feitos un bloque.
4. Un vez así, corta cunhas tesoiras o globo e quítao. Terás o teu ovo de dinosaurio.
5. Coloca os ovos de xeo nun cunco, vai engadindo auga quente para que se vaian desfacendo pouco a pouco e atoparás a sorpresa que teñen dentro.

MATERIAL:

Figuras de dinosaurio (ou de outro animal ovíparo)

Globos

Auga

Tesoiras



Flotará?

Densidade da auga



Pasos:

1. Enche os botes con auga templada ata ter a mesma medida nos dous.
2. Proba a poñer 2 culleradas de sal nun bote e mestura ata que estea completamente disolta.
3. Empeza por colocar un ovo en cada bote e mira como se comportan.
4. Se un deles aínda non flota, engade máis sal ata que consiga que a ciencia se convirta en maxia.

MATERIAL:

Botes de plástico transparente ou de cristal

Culleres para medir

Obxectos iguais a pares (2 ovos, 2 patacas...)

Sal de mesa

Auga







TÍTULO DO EXPERIMENTO

[Empty dashed box for the experiment title]

MATERIAIS:

- _____
- _____
- _____

DEBUXO OS PASOS:

1

[Empty dashed box for step 1 drawing]

2

[Empty dashed box for step 2 drawing]

3

[Empty dashed box for step 3 drawing]

"GORRO DE COCIÑEIR@"



PASOS:

MATERIAIS:

- 1 pistola de silicona ou cola branca
- Goma eva de cor branca
- Goma eva de cor azul escuro e claro

CONSELLO: no caso de que non teñades goma eva en casa, podedes facelo con cartolina branca e de cores ou outro material do que dispoñades.

1. Colle unha prancha de goma eva branca de 40 x 60 cm aproximadamente (ou cartolina). Dóbraa un pouco, sen chegar á metade e a pegas coa silicona ou a cola branca.



2. Despois tes que facer cortes ao longo do lado que dobramos, sen chegar á zona onde pegamos a goma eva



3. Pega ambos extremos coa silicona ou cola branca.



4. Recorta as letras "CHEF" con goma eva de purpurina ou algún outro material e lle podes engadir algún outro adorno como utensilios de cociña (culler, garfo...). Finalmente, pégaos no gorro e...a cociñar!



"MANDIL DE COCIÑEIRO@"



MATERIAIS:

- 1 pistola de silicona ou cola branca
- Tesoiras
- Cinta de raso ou similar (opcional)
- Filtro de varias cores (opcional)
- Ollos de plástico (opcional)
- Goma eva gris e azul (opcional)

CONSELLO: no caso de que non teñades estes materiais pola casa, poderedes empregar outros no seu lugar (telas, bolsas de plástico, cartolinas...) O modelo que vos explicamos a continuación admite variantes e diversas opcións para facelo.

PASOS:

1. Colle unha lámina de fieltro branco de 40 x 60 cm aproximadamente (ou o material que teñas por casa: bolsa de basura, tela, plástico...). Debuxa sobre ela a forma do delantal e recorta.




2. Corta unha tira longa de cinta azul e a pegas na parte de arriba do mandil. Despois fai o mesmo coas cintas laterais.



3. Para facer o peto do mandil, recorta medio círculo con goma eva gris (ou outra cor) e o pegas, deixando un oco sen botarlle a silicona.



4. Podedes facer outros adornos para decoralo: utensilios de cociña, unha cariña de cociñeir@, as letras "CHEF" e o nome de cada nen@...





"MERENDAS DIVERTIDAS
E SAUDABLES"



“SERPE DE AMORODOS E PLÁTANO”

INGREDIENTES:

- ▶ 1 plátano
- ▶ 5 amorodos
- ▶ 4 ou 5 follas de **menta fresca**
- ▶ Uns trociños alongados de **cenoria** (para a lingua da serpe)
- ▶ Pingas de **chocolate**

PREPARACIÓN:

- ▶ Lava moi ben os amorodos, pela o plátano e corta as froitas en rodaxas máis ou menos do mesmo grosor.
- ▶ Colócaas con coidado nun prato grande ou nunha fonte, alternando amorodo e plátano, como na foto. Remata o corpo facendo a cola coa puntiña dun amorodo.
- ▶ Para a cabeza: emprega unha fresa entera e engade os trociños de cenoria, como se fora a lingua da serpe. Colócalle nos ollos dúas pingas de chocolate e, para decorar un pouco máis, coloca unhas folliñas de menta na cabeza.



"COELLIÑO DIVERTIDO"

INGREDIENTES:

- ▶ Medio **plátano**
- ▶ 1 rodaxa de **manzá** duns 2,5 cm de grosor aproximadamente
- ▶ 1 **amorodo**
- ▶ 2 **arandos**
- ▶ 6 bastonciños de **cenoria**

PREPARACIÓN:

- ▶ Lava ben as froitas e pela o plátano. Coloca no centro do prato a rodaxa de manzá sen pelar. Corta o plátano ao longo e colócao no prato como se fora as orellas do coello.
- ▶ Remata de facer a cariña do coello colocándolle os arandos de ollos, o amorodo como nariz e a cenoria para os bigotes.



"VARITA DE SANDÍA Y ARÁNDANOS"

INGREDIENTES:

- ▶ 18 arandos
- ▶ 1 rodaxa de sandía
- ▶ 3 brochetas

PREPARACIÓN:

- ▶ Lavar moi ben os arandos. Corta unha rodaxa de sandía de aproximadamente 2 cm de grosor. Retira a corteza da sandía e corta 3 círculos duns 7 cm. de diámetro cada un.
- ▶ Despois, e coa axuda dun coitelo, dalle forma de estrela a cada círculo de sandía.
- ▶ A continuación colle os paos e inserta en cada un deles 6 arandos, deixa libre uns 2 cm na cabeza do pao para colocar a sandía. Por último, pincha a estrela de sandía e... Listo! Xa tedes 3 ricas e saudables varitas máxicas.



"PALMEIRA TROPICAL CON FROITA"

INGREDIENTES:

- ▶ Medio plátano
- ▶ Medio kiwi
- ▶ 2 anacos de laranxa
- ▶ Un trociño de cenoria

PREPARACIÓN:

- ▶ Tes que lavar ben as froitas e pelalas todas menos os anacos da laranxa. Parte o plátano pola metade e trocéalo en rodaxas de 1 cm de grosor aproximadamente, con elas forma o tronco da palmeira como se ve na imaxe.
- ▶ Agora corta o kiwi: primeiro en rodaxas e despois corta pola metade para formar as polas da palmeira nun extremo.
- ▶ A continuación colle os dous anacos de laranxa e ponos no outro extremo do talo para simular o chan onde está plantada a palmeira.
- ▶ Para rematar, coa cenoria intenta facer un sol. ¡Listo! xa tes o teu prato preparado.



"PAXARO ALEGRE"

INGREDIENTES:

- ▶ 1 pera.
- ▶ 1 cenoria.
- ▶ 1 granada.
- ▶ Follas de albahaca.
- ▶ 1 pinga de chocolate.

PREPARACIÓN:

- ▶ Cunha pera madura cortada á metade xa temos o corpo, un trociño de cáscara para a á, con cenoria cortamos o pico e as patas, unha pinga de chocolate no olliño, e podemos completar o prato cunhas flores feitas con algún froito vermello e follas verdes.




OUTRAS RECEITAS...



"LEÓN DE FROITA": Este **león de froita** é delicioso! En vez de preparar unha **macedonia de froitas** clásica, podes presentala deste xeito tan orixinal e divertido. Piña, mandarina, plátanos, arandos, mesturados con algunhas verduras como a cenoria e o cebollino para algúns detalles, un prato bonito e moi nutritivo!



"BOLBORETA VITAMÍNICA": Con moi pouco podemos facer unha bolboreta tan bonita como esta, usando só **laranxas e uvas**. É conveniente concentrarse nas formas e cores das froitas que temos en casa, as súas características nos suxerirán qué tipo de composición podemos facer.



"EIRUGA LARPEIRA": Por exemplo o plátano é moi útil para facer animais con corpos alongados, como esta **eiruga ou cempés de froita** coas patitas de palitos de pretzel. O plátano está cortado en rodaxas e unido con nocilla o algunha crema similar.



"RAMO DE FLORES": Cuns paos de brocheta e varias froitas de diferentes cores poderedes divertirvos creando ramos de flores coloridos e deliciosos. Poderedes usar cortadores de galletas de diferentes formas ou cortalas e darlles forma co coitelo e que logo os peques as poden colocar na brocheta.



"POLLITO RICO": A piña é unha froita deliciosa, se os peques teñen problemas para comela ou simplemente queredes sorprendelos, mirade qué sinxelo resulta empregar as rodaxas de piña para facer un pollito moi rico. Utilizade un amorodo para crear a cresta, dous arandos para os ollos e unha cenoria para cortar o peteiro e as patas.



"PAVO REAL": ¡Delicioso! Se preparades brochetas aproveitade a oportunidade para presentalas deste xeito tan bonito e ademáis moi sinxelo. Necesitaredes unha pera para que sexa o corpo do pavo real e despois as froitas das brochetas podedes facelas con aquelas froitas que teñades pola casa. Para rematar, cortade uns anaquiños de cenoria para facer o peteiro e as patas e unas pinguñas de chocolate para os ollos.

BO PROVEITO!



RECETA:



INGREDIENTES:

ELABORACIÓN:

DEBUXO OU FOTO:

A large rectangular area enclosed by a dashed green border, intended for a drawing or photograph of the recipe's result.



A HORTA A TRAVÉS DOS SENTIDOS

Nesta proposta imos traballar a horta a través dos cinco sentidos. Nesta quincena traballaremos o oído, o tacto e o olfacto. Dedicamos una proposta sinxela e flexible de actividades para cada sentido que se poden realizar mesturándoas coas propostas do obradoiro de cociña e o obradoiro de experimentos. Todas as tarefas son orientativas, a súa realización é voluntaria e flexible, podendo ser adaptadas ao día a día de cada neno ou nena.



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR O SENTIDO DO OÍDO NA HORTA.

Sons da horta. Escoitamos atentamente cada son da carpeta [“Sons da horta”](#) e tratamos de identificar a que elemento da horta pertence.

- Unha vez escoitados todos os sons e identificar a maior parte deles, trataremos de recordar sen volver a escoitar, alomenos tres dos sons oídos.
- Intentamos escribir (cada quen segundo a súa etapa de desenvolvemento lectoescritor) os sons recoñecidos.
- Cubrimos os ollos cun antiface ou bufanda, poñemos un son e tratamos de saber a que se corresponde.
- Escoitamos cada son e clasificámoslos en sons producidos por elementos da natureza ou por ferramentas e aparellos. Os nenos e nenas de catro e cinco anos poden tratar de facer dúas listaxes: unha escribindo os sons producidos por elementos da natureza e os nomes dos producidos por ferramentas e apeiros. De cal hai máis?

CONSTRUÍMOS UN PAU DE CHUVIA

Un son moi característico das hortas e que as plantas reciben con moito gusto é a chuvia. Así que imos construír o noso propio “pau de chuvia”. Poderedes ver o proceso de elaboración neste enlace : <https://www.todomanualidades.net/2014/01/como-hacer-un-palo-de-lluvia/> . Se queremos traballar a lectoescritura, mentres vemos o vídeo de como se fai o pau de chuvia, o neno ou nena pode tratar de facer a listaxe de materiais que necesitamos.






ACTIVIDADES PARA TRABALLAR O SENTIDO DO TACTO NA HORTA.

- **Obxecto misterioso.** Empregamos unha caixa de zapatos á que lle facemos un burato nun lado para que colla a man do neno/a. No interior da caixa introducimos, sen que el ou ela o vexa, diferentes produtos relacionados coa horta que teñamos na casa (un limón, unha cabeza de allos, unhas poucas fabas, unha cenoria, un anaco de brécol ou coliflor, un pemento...). O neno/a deberá identificar de que produto se trata empregando só a man, e polo tanto, o sentido do tacto para identificalos. Segundo os identifique, pode ir escribindo o nome dos produtos que vai recoñecendo. Se non temos unha caixa, podemos empregar unha bolsa opaca. Podemos tamén, deixar que o neno/a introduza diferentes produtos sempre relacionados coa horta e seremos nós quen os identifiquemos polo sentido do tacto.
- **Calcetíns con tacto.** Colleremos catro ou cinco calcetíns que xa non empreguemos ou que teñamos desaparellados. Introducimos no interior de cada calcetín unha semente diferente: nun lentellas, noutro garavanzos, noutro fabas, améndoas, noces, avelás... e atámolos. Colocamos na mesa e en fila unha pequena representación de cada calcetín: unhas poucas lentellas, uns cuantos garavanzos, un par de fabas... O neno/a terá que tocar e manipular o calcetín coas mans e colocalo debaixo do produto que considere que ten dentro. Podemos tamén escribir carteliños co nome dos produtos que imos adiviñando co tacto.


UN CARACOL CON TEXTURA

Os caracois son visitantes moi frecuentes nas hortas, propoñemos que enchades a súa cunha de texturas pegando diferentes sementes (lentellas, fabas, quinoa, garavanzos, cabaza...).





OLFACTO



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR O SENTIDO DO OLFACTO NA HORTA.

Olores naturais e artificiais.

Colocamos nunha mesa diferentes produtos naturais e artificiais que emitan olor (allos, champú, cebola, pintañas, mandarina, colonia, perexil, toallinas húmidas...). Debemos ulilos e ir separando aqueles que pensemos que son naturais de aqueles que son artificiais e, polo tanto, fabricados polo ser humano e non a natureza.



Recoñecendo olores que proveñen da horta... Preparamos varios saquiños feitos con servilletas ou papel de cociña e un pouco cordel. En cada saquiño poñemos un produto da horta que ulia: a casca dun limón ou dunha laranxa, un allo esmagado, anacos de cebola, repolo... Empezaremos por proporcionarlle ao neno/a os saquiños de un en un comezando polos olores máis coñecidos. O neno/a pode ulir cos ollos tapados ou sen cubrilos e intentará identificar a que produto se corresponde cada olor.

As herbas aromáticas. Neste caso a proposta parte de facer saquiños que conteñan no seu interior herbas aromáticas que empreguemos na cociña ou teñamos na horta: ourego, romeu, perexil, alfabaca, loureiro, tomiño ou mesmo canela. Colocaremos na mesa e en fila os botes de onde extrouxemos as herbas ou as herbas reais, se as usamos directamente da nosa horta, e os saquiños. O xogo consiste en ulir unha soa vez o aroma do bote ou da herba e atopar o saquiño con ese mesmo olor. A medida que imos recoñecendo e asociando os olores, podemos ler nos botes a que herba se corresponde. Tamén podemos facer etiquetas con eses nomes e atalos nos saquiños para recoñecelos e poder volver a xogar con eles.



Nesta última actividade, podemos clasificar os aromas que nos gustan e aqueles que nos desagradan e tamén tratar de asociar a un elemento real que nos recorde ese olor (a canela a unha torta ou ao arroz con leite, o ourego á pizza...).

MANUALIDADE CON AROMÁTICAS

Se tedes nas vosas hortas ou cociñas plantas aromáticas como o romeu, o loureiro, o perexil ... propoñémosvos realizar un cadro empregando catro ramas e pendurando del as plantas recollidas para que sequen. Veredes que fragancia!



Se non dispoñedes de horta, seguro que na cociña atoparedes botes con canela, comino, pementa ou perexil. Nun envase de iogur fai unha mestura dunha culleradiña de fariña, unha culleradiña da especia e dúas ou tres de auga. Conseguiremos unhas pinturas moi naturais coas que facer debuxos moi olorosos!

MÚSICA - EDUCACIÓN INFANTIL.

Do 4 ao 15 de MAIO

Ola nenos e nenas , espero que vos atopedes ben dentro do que implica esta situación nova para vos. Este é un plan de actividades, que podedes facer nesta quincena, cando vos apeteza. A idea é que fagades música na casa, que cantedes, bailedes , sigades o ritmo e disfrutedes.

Para disfrutar:

Tom y Jerry. "The cat concert"

<https://www.youtube.com/watch?v=uKZgi06fVsk>

Concierto Chopin , con Pájaro Loco

<https://www.youtube.com/watch?v=qRTWF3nPB1c>

Tom y Jerry . "Marcha Turca"

<https://www.youtube.com/watch?v=1d0tujch3Mk>

Para bailar:

La mariposa (de repaso , vímola na clase)

<https://www.youtube.com/watch?v=IFTtLIXOCws>

La carrera musical.

<https://www.youtube.com/watch?v=waay5H1MtLs>

Espero que vos gustaran as actividades, e que as compartades ca vosa familia, deste xeito, estades dando unha nota de alegría, en momentos complicados para as familias. E lembrade, que tamén podedes repasar as actividades do mes de abril.

.

Espero vervos pronto.

UNHA APERTA, XENTE MIÚDA!!!!

Beatriz Gippini Jourdan

Proposta actividades de Relixión para Infantil 4-15 de maio

María del Carmen Carou

Los Diez Mandamientos. Superlibro.

<https://www.youtube.com/watch?v=s5skboxbipg>

Mulan.

<https://www.youtube.com/watch?v=CCJj49WoN58>